

# Arbitraxe Campionatos Galegos 2019

A Federación Galega de Xadrez abre o prazo de solicitudes para actuar como árbitros principais e árbitros adxuntos nos **Campionatos Galegos 2019**, que se celebrarán con horarios e ritmos de xogo segundo o **Calendario Deportivo 2019**.

## PRAZAS OFERTADAS

Un árbitro principal e un árbitro adxunto para cada unha das categorías, excepto a categoría Absoluta, Feminina e Veterán que só haberá un árbitro principal:

CATEGORÍA	LUGAR	ENTRADA	SAÍDA	HONORARIOS
Sub-08	Hotel Scala (Padrón)	12 Abril / antes das 18:00 h.	14 Abril / pola tarde	Principal: 140 euros (*) Adxunto: 100 euros (*)
Sub-10	Hotel Scala (Padrón)	12 Abril / antes das 18:00 h.	15 Abril / pola tarde	Principal: 210 euros (*) Adxunto: 150 euros (*)
Sub-12	Hotel Scala (Padrón)	12 Abril / antes das 18:00 h.	15 Abril / pola tarde	Principal: 210 euros (*) Adxunto: 150 euros (*)
Sub-14	Hotel Don Hotel (Cangas)	01 Marzo / antes das 18:00h	05 Marzo / pola tarde	Principal: 280 euros (*) Adxunto: 200 euros (*)
Sub-16	Hotel Scala (Padrón)	12 Abril / antes das 18:00 h.	16 Abril / pola tarde	Principal: 280 euros (*) Adxunto: 200 euros (*)
Sub-18	Hotel Don Hotel (Cangas)	01 Marzo / antes das 18:00 h.	05 Marzo / pola tarde	Principal: 280 euros (*) Adxunto: 200 euros (*)
Absoluto, Feminino e Veterán	Hotel Scala (Padrón)	13 Abril / antes das 12:00 h.	19 Abril / pola tarde	430 euros (*)

(\*).-Os honorarios estarán suxeitos á retención correspondente.

(\*).- Máis gastos de desprazamento xustificados.

### Titulación requirida:

- Para árbitro principal: Árbitro Autonómico de Base ou superior (\*)
- Para árbitro adxunto: Árbitro Autonómico de Base ou superior.

(\*) Nas categorías ónde se presente o informe valedeiro para elo FIDE (Sub-10, Sub-12, Sub-14, Sub-16 e Absoluto, Feminino e Veterán) só poderán optar aqueles árbitros coa cualificación adecuada para tramitar dito informe (Arbitro Autonómico ou superior).

Tódalas prazas inclúen aloxamento e manutención nos hotéis oficiais en habitación dobre, e poderán ser válidas para obtención de Norma de Árbitro Nacional e/ou inferiores.

O prazo de solicitude permanecerá aberto ata **ás 19:00 horas do 19 de Febreiro de 2019**.

As solicitudes deberán facerse a través da Federación Galega de Xadrez por escrito mail (fegaxa@fegaxa.org), a onde tamén se poderá dirixir para ampliar información. Se se solicita máis dunha categoría, ordenar por orden de preferencia.

Para poder arbitrar un Campionato Galego hai que ter abonada a licenza correspondente ([Circular FEGAXA01/2019](#)).

Parte das funcións que terán os árbitros seleccionados serán: axudar á organización na supervisión da montaxe da sala de xogo, supervisar taboleiros, axustar reloxos, confeccionar listaxes e que haxa todo o material necesario para que a sala de xogo estea en perfectas condicións antes do inicio da primeira rolda.

E as súas obrigas serán: a carga de datos de xogadores, comprobación do elo FIDE e FEDA, realización do informe valedeiro para ELO FIDE e FEDA (\*) e remitilo á FEGAXA no prazo que estipula a FEDA na súa circular en vigor.

(\*) Nos torneos valedeiros para ELO.